



CUARTA RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA DE PROXECTOS DA SEGUNDA CONVOCATORIA DO FONDO X21

FEITOS

1 Mediante a Resolución do 8 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, aprobáronse as bases da segunda convocatoria do Fondo X21.

2 O día 8 de xullo de 2021 publicouse na [páxina web \(https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/_axuda/convocatoria_0056/\)](https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/_axuda/convocatoria_0056/) a terceira resolución administrativa de proxectos seleccionados do Fondo X21, segundo o previsto na Resolución do 8 de marzo de 2021. A dita resolución administrativa contiña, ademais da relación de proxectos seleccionados con carácter definitivo (que eran provisionais na segunda resolución de proxectos seleccionados para o Fondo X21), a relación de proxectos admitidos provisionalmente na segunda resolución que causaron baixa definitiva no procedemento por non acreditar documentalmente a contratación de persoal laboral alleo para o desenvolvemento do proxecto e, tamén, o requirimento colectivo ás persoas titulares da Lista de agarda con puntuación suficiente para cubrir as baixas definitivas (que ía dirixido só ás persoas titulares de proxectos publicados no Anexo III da segunda resolución de proxectos seleccionados con carácter provisional).

3 Esta resolución administrativa contén o seguinte:

3.1 A relación de proxectos seleccionados con carácter definitivo da Lista de agarda do Fondo de proxectos culturais en lingua galega Xacobeo 2021, que eran provisionais na terceira resolución administrativa de proxectos seleccionados do Fondo X21.

3.2 A relación de proxectos da Lista de agarda que poden cubrir o remanente de crédito.

3.3 Unha corrección de erros.

3.4 A actualización da Lista de agarda.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1 A base décimo primeira, apartados 3 e 4, e décimo sexta da segunda convocatoria do Fondo X21, así como a regulación do procedemento excepcional de selección de proxectos descrito na Guía do Fondo X21 para as persoas adxudicatarias.





*“Logo da publicación da **terceira resolución de proxectos seleccionados definitivamente da lista de agarda**, de existir crédito orzamentario dispoñible sen adxudicar, por baixas definitivas de proxectos de máis de 6 000 € e ata 15 000 € da lista de agarda, a Secretaría Xeral de Política Lingüística **poderá realizar unha nova selección de proxectos da lista de agarda** e cubrir as baixas ata o límite orzamentario da convocatoria **só con proxectos da categoría orzamentaria de 6 000 €**, en orde decrecente de puntuación...”*

2 A base décimo sexta da segunda convocatoria do Fondo X21 prevé que os proxectos seleccionados para cada modalidade publicaranse mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística na [páxina web](#). Nela indicárase, por orde decrecente, a puntuación obtida por cada proxecto seleccionado.

Polo exposto,

RESOLVO:

1 Seleccionar con carácter definitivo os proxectos da Lista de agarda que no Anexo III da terceira resolución administrativa tiñan carácter provisional e, de ser o caso, iniciar os trámites administrativos e contables para a súa adxudicación e contratación administrativa.

Os proxectos seleccionados con carácter definitivo pódense consultar no Anexo I desta resolución.

A **selección definitiva** dos proxectos identificados no **Anexo I** non xerará dereitos económicos en favor das persoas titulares ata que se lles notifique individualmente a resolución de adxudicación do contrato correspondente.

2 Os proxectos da Lista de agarda que, por orde de puntuación, poden cubrir o remanente de crédito por baixas definitivas de proxectos de máis de 6 000 € e ata 15 000 € declaradas nas resolucións administrativas de proxectos seleccionados con anterioridade son os proxectos cun orzamento de ata 6 000 € que figuran no **Anexo II**.

Os proxectos da Lista de agarda que poden cubrir o remanente de crédito pódense





consultar no Anexo II desta resolución e a súa selección será definitiva.

A **selección definitiva** dos proxectos identificados no **Anexo II** non xerará dereitos económicos en favor das persoas titulares ata que se lles notifique individualmente a resolución de adxudicación do contrato correspondente.

3 Corrixir erros de transcripción no **Anexo I** da segunda resolución de proxectos seleccionados para o Fondo X21, respecto dos datos identificativos da persoa titular do proxecto número 763014, que figura a nome de **Ghaleb Constantino Jaber Martínez**, como persoa física, cando debería figurar a nome da **Fundación Araganey Puente De Culturas**, da que o seu representante legal é o indicado Ghaleb Constantino Jaber Martínez.

O proxecto cunha corrección de erros pódese consultar no Anexo III desta resolución.

4 Actualizar a Lista de agarda de acordo co **Anexo IV** desta resolución segundo o descrito nos puntos precedentes.

A relación de persoas titulares de proxectos da Lista de agarda atópase no Anexo IV desta resolución administrativa.

Esta resolución esgota a vía administrativa e as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015), ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo previsto legalmente.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa San Roque, 2
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 881 996 301 Fax: 881 996 306
sxp.secretaria@xunta.gal
www.lingua.gal

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela polo secretario xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez

CVE: 5Y/Cee7WwM1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Xacobeo 21-22